Exercicios de autoavaliación

Unidade 1

1. Que tipo de textos caracterizan as orixes da literatura?

2. Que antigo relato de carácter mitolóxico (cosmogónico e teogónico) destaca en Mesopotamia?

3. Cal é a grande epopea da literatura de Mesopotamia?

4. Cal é o motivo coñecidísimo aparecido no *Poema de Gilgamesh* e que se dá noutras culturas? Que personaxe o protagoniza?

5. Cal era a finalidade dos textos exipcios *dos sarcófagos*?

6. Que dous grandes sistemas filosófico-relixiosos elaboraron os hindús?

7. Que é o *Rigveda?*

8. Cales son as dúas grandes obras épicas da literatura posvédica?

9. En que sentido se pode afirmar que hai un esquema épico no *Avesta* persa?

10. Que destaca na literatura árabe preislámica?

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 1

1. Son os mitolóxico-relixiosos, que tratan de explicar as orixes e formación do cosmos e das propias deidades. Unha longa tradición oral desembocou nos primeiros relatos escritos, fundamentalmente épicos e líricos, sen perder a atmosfera mítica que os caracterizaba.

2. O *Enuma elish*, unha epopea sobre a creación.

3. O *Poema de Gilgamesh*, que relata as peripecias deste heroe, rei de Uruk e protagonista dun ciclo épico sumerio.

4. O diluvio. O personaxe é Utnapishtim, similar ao Noé bíblico, por exemplo.

5. A súa finalidade estaba conectada coa crenza nunha vida futura máis alá da morte (relacionado coa momificación). A través dunhas inscricións nas tumbas, pretendíase guiar ou orientar as almas dos defuntos para a arriscada viaxe camiño ao reino de Osiris, concepción tamén fundamental nos “libros dos mortos”.

6. O brahmanismo, fundamentado na literatura védica de estrutura indoeuropea, e, desde o século VI, o budismo, o conxunto de reflexións e escritos vinculados á doutrina predicada por Siddharta Gautama (=Buda).

7. É un dos libros fundamentais da literatura védica. Este repertorio de himnos relixiosos e mitolóxicos pertence aos “samhita”.

8. *Ramayana e Mahabharata*

9. Neste conxunto de textos, a creación máis destacada da literatura do Irán antigo, onde aparece a confrontación Ben-Mal, foi atribuído tradicionalmente nalgunha peza a Zaratustra. Este preséntase cun aspecto heroico combatendo contra Angra-Mainyu, o espírito do mal.

10. Ademais de certos relatos en prosa, destaca a *qasida*, un longo poema monorrimo que se caracteriza por presentar certo esquema fixo composto por tres grandes partes: unha introdución amorosa en tono elexíaco, a descrición da viaxe polo deserto e a chegada ao destino, cun ton panexírico ou de loanza. Realmente a *qasida* é unha oda que se ten definido como “poesía do camelo”, e que veu a substituír a outra composición poética antiga, o *raîaz,* caracterizada polo metro iámbico. A *qasida*, dunha longa transmisión oral a cargo dos *rawíes* (rapsodas), formou varias colecciónns, sendo a máis famosa a das *mu´allaqáts*.